

## **Incubadora de Sondaxes e Experimentos**

### **Bases do concurso**

#### **1. Convocatoria**

---

A Sociedade Galega para a promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) convoca o concurso *Incubadora de Sondaxes e Experimentos* para proxectos de estatística e investigación de operacións realizados por estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Toda a información relativa a esta convocatoria pode consultarse na páxina web do concurso: [www.sgapeio.es](http://www.sgapeio.es).

#### **2. Participantes**

---

Poden participar estudantes (matriculados en centros da Comunidade Autónoma Galega no curso 2010-2011) de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio. A participación pode ser individual ou en grupo (máximo de 5 estudantes). Cada participante ou grupo deberá contar cun docente-titor do seu centro, que supervise o traballo presentado.

Non hai limitación de concursantes por un mesmo centro, nin de traballos titorizados por un mesmo docente. Só se permite unha participación por estudante.

#### **3. Proxecto de estatística**

---

Os participantes no concurso realizarán un proxecto de estatística e/ou investigación de operacións:

- ***Que é un proxecto de estatística e/ou investigación de operacións?*** É o proceso que dá resposta a unha pregunta relevante usando técnicas estatísticas.
- ***Como organizo un proxecto deste tipo?*** O proxecto debe planificarse tendo en conta dúas fases: unha primeira fase de recollida de datos e unha segunda fase de análise estatística e interpretación de resultados.
- ***Como podo obter datos?*** Sempre debemos partir dunha pregunta relevante á que quixeramos dar resposta. Así, os datos que utilizemos poden provir de:
  - o Unha sondaxe deseñada polos participantes sobre un tema de interese xeral ou de interese para o centro educativo e/ou o seu ámbito. Na planificación da sondaxe débese deseñar un cuestionario e, a continuación, realizarse a enquisa.

- Un plan experimental para comparar dous produtos, dous tratamentos ou outras situacións similares. O experimento formulado pode estar relacionado con algunha das materias que os estudantes estean a cursar ou tratar dalgún fenómeno cotián.
- Explotación de bases de datos dos institutos oficiais de estatística (EUROSTAT, INE, IGE, etc.) ou doutros organismos e institucións, ás que se pode acceder a través da rede.
- ***Como se presentan os resultados dun proxecto de estatística?*** Os resultados preséntanse mediante un informe escrito e unha presentación, nos que se deben especificar, polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos do estudo, descrición da recollida de datos (sondaxe, plan experimental ou base de datos pública), análise estatística e interpretación dos resultados, conclusións e posibles melloras e extensións do proxecto. Os traballos poden redactarse en galego ou en castelán.
- ***Que teño que enviar á organización do concurso?*** Debes enviar o informe escrito (arquivo .pdf) e a presentación (arquivo .ppt ou similar ou arquivo .pdf). O informe pode ter unha extensión máxima de 20 páxinas e a presentación debe ter entre 20 e 25 transparencias.
- ***E se teño dúbidas?*** Os participantes poderán consultar as súas dúbidas a un equipo de asesores a través da páxina web do concurso.

#### **4. Inscripción**

---

Para participar na “Incubadora de Sondaxes e Experimentos” é necesario cumprimentar o formulario de inscrición que aparece na páxina web do concurso ([www.sgapeio.es](http://www.sgapeio.es)). A inscrición realizaraa o profesor titor do traballo incluíndo os datos do participante ou dos membros do grupo.

A cada traballo presentado asignaráselle un código que deberá ser usado como identificador en posteriores comunicacións coa organización do concurso.

#### **5. Envío de traballos**

---

Cada participante ou grupo debe enviar o informe do seu proxecto, xunto cunha presentación, ao correo electrónico [premio@sgapeio.es](mailto:premio@sgapeio.es). No asunto da mensaxe deberase indicar o código de traballo que lle fose asignado.

Os traballos presentados, realizados integramente polos estudantes participantes, deben ser inéditos e orixinais.

## **6. Xurado e valoración dos proxectos**

---

A organización do concurso realizará unha preselección dos proxectos presentados dentro de cada categoría, que serán remitidos ao xurado do concurso para a súa valoración.

O xurado estará composto por 5 persoas: o Presidente, nomeado pola Consellería de Educación, o Secretario, nomeado pola SGAPEIO, e tres Vocais, tamén nomeados pola SGAPEIO: un representante do IGE, un profesor de secundaria, e un profesor dunha das universidades galegas.

Na valoración dos proxectos, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A orixinalidade do tema elixido.
- A claridade na exposición de obxectivos, fases do proxecto e resultados.
- A correcta aplicación de técnicas estatísticas.
- A innovación na presentación dos resultados.
- As conclusións e a análise crítica do proxecto.

A decisión do xurado será inapelable e os premios poderán ser declarados desertos por proposta deste.

O fallo do xurado darase a coñecer mediante correo electrónico aos titores dos traballos galardoados e publicarase na páxina web da SGAPEIO.

## **7. Premios**

---

Concederáse un premio en cada unha das seguintes categorías:

- Categoría A: Primeiro ciclo de ESO (cursos 1º e 2º).
- Categoría B: Segundo ciclo de ESO (cursos 3º e 4º).
- Categoría C: Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

A cada traballo premiado, corresponderalle un obsequio para o centro, que consistiría en libros e outro material escolar, un ordenador para o titor e ordenadores para os estudantes participantes.

Todos os participantes, así como os seus titores, recibirán un diploma que acredite a súa participación no concurso.

A entrega de premios e diplomas realizarase nun acto público organizado pola SGAPEIO, no que os gañadores presentarán os seus proxectos.

## **8. Publicación dos traballos**

---

Os proxectos premiados poderán ser publicados na páxina web do concurso, previa comunicación aos titores.

## **9. Reserva de dereito**

---

A SGAPEIO resérvase o dereito a modificar as condicións do concurso, en especial as datas previstas no calendario, ou mesmo a súa posible anulación, sempre que conorra causa xustificada.

## **10. Participación na fase nacional do concurso**

---

No caso de que se convoque unha fase nacional do concurso, os gañadores na fase galega, de estar interesados, serán propostos para a súa participación na fase nacional, como representantes da nosa comunidade.

## **11. Aceptación das bases do concurso**

---

A participación no concurso supón a plena aceptación das súas bases.

## **12. Datas importantes**

---

- Inscripción de traballos: desde o 1 de marzo ata o 31 de marzo de 2011.
- Entrega dos traballos finalizados: desde o 15 de maio ata o 17 de xuño de 2011.
- Do 20 ao 30 de xuño darase a coñecer o fallo do xurado e a data do acto de entrega de premios.